



## A fe relixiosa de Alfonso Zulueta, motor da súa vida

---

Bieito Santos, S. J.

A finais do pasado mes de xuño produciuse en Vigo o pasamento de Alfonso Zulueta de Haz, do que se fixeron amplo eco os medios de comunicación e ademais nun ton laudatorio e de recoñecemento agradecido cara á súa persoa e a súa obra.

Alfonso Zulueta foi unha persoa pública sobranceira nos eidos profesional, cultural, social e eclesial. Aínda que a vida persoal é unha soa, na que os diversos aspectos se implican mutuamente, eu voume limitar a apuntar a miña percepción do factor relixioso en Alfonso e o seu influxo na súa vida e no seu compromiso.

Moitos cristiáns esquecémonos, con excesiva facilidade, de ditos ou frases incisivas do Evanxeo, cheas dunha fonda mensaxe, como por exemplo a afirmación de Xesús recollida no Evanxeo de S. Mateo: «Non soamente de pan vive o home, senón de toda palabra saída da boca de Deus» (Mt 4, 4). Pero tamén hai cristiáns que se fan moi conscientes da forza desa palabra e da vida que pode transmitirles. O Papa Paulo VI na Exhortación Apostólica *Evangelii Nuntiandi* penso que afonda na forma en como se produce ese proceso. Dinos no n.º 18: «evanxelizar significa levar a Boa Nova a tódolos ambientes da humanidade [...] Pero a verdade é que non hai humanidade nova se non hai, en primeiro lugar, homes novos, coa novidade do bautismo e da vida segundo o Evanxeo. A finalidade da evanxelización é, por conseguinte, este cambio interior e, se houbese que resumilo nunha palabra, o mellor sería dicir que a Igrexa evanxeliza cando, pola soa forza da Mensaxe que proclama, trata de convencer ao mesmo tempo a conciencia persoal e colectiva dos homes, a actividade na que eles están comprometidos, na súa vida e ambiente concreto».